



NOTA DE PRENSA 27 de abril 2023

Axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade

A través da sede electrónica da Xunta de Galicia ([neste enlace](#)) poden solicitarse ata o **26 de maio as axudas á nova participación de agricultores en réxime de calidade**. Con este Procedemento, MR362A, o período subvencionable vai desde 1 de maio de 2022 ata o 30 de abril deste ano 2023.

Son beneficiarias destas axudas as persoas físicas e xurídicas titulares de explotacións agrarias. Non se tramitan expedientes cuxa contía non supere os 50 €.

Entre outra documentación hai que presentar certificación do consello regulador correspondente que acredite que se trata dun/dunha agricultor/a que participa por primeira vez no réxime de calidade e indique a data de incorporación ao dito réxime. No caso de solicitantes que participan nalgún outro réxime de calidade, certificación do consello regulador correspondente que acredite a súa inscrición.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org